

Usos e patrons nas áreas termais da provincia de Ourense como *topías*

F. Braña Rey, D. Casado-Neira e M. Dapía Conde

Facultade de Ciencias da Educación. Campus de Ourense. Universidade de Vigo

fatimab@uvigo.es; dcneira@uvigo.es; ddapia@uvigo.es

Resumo

Na provincia de Ourense contamos con numerosos mananciais termais próximos ás beiras dos ríos que a atravesan. Estes foron utilizados de formas moi diferentes en distintas épocas, pero sempre constituíron un foco de interacción humana e co medio. As áreas de baño termal abertas son un recurso en que é posible tomar un baño durante a maior parte do ano, e están a ser obxecto de atención das administracións públicas. Ata o momento non contamos con datos etnográficos, nin de perfil nin sobre os usos practicados. Levouse a cabo un traballo de campo mixto con entrevistas e enquisas a usuarios/as e a persoas encargadas da xestión co que se pretende construír unha primeira aproximación ao termalismo aberto na provincia de Ourense. Os datos máis salientables definen un perfil de usuaria/o de mediana idade, de procedencia española, asalariada e que fai un uso repetido. Considéranos unha actividade social, de persoas adultas, ao que lle atribúen calidades de curación ou de benestar. As motivacións para o seu uso están asociadas á tranquilidade, descanso e saúde, ademais de fins turísticos e como actividade de lecer ao aire libre. Aínda que a valoración das termas é moi positiva, formulan propostas de mellora relacionadas coa limpeza e maior dispoñibilidade de servizos.

Palabras clave

Áreas termais, etnoloxía, perfil de usuarias/os, Ourense.

1. Introducción

As primeiras análises da realidade termal de Ourense proveñen dos estudos sobre os balnearios como forma principal de aproveitamento do caudal de auga termal, pero hoxe en día existen outras formas de aproveitamento que son obxecto de xestión pública e privada de forma recente e que presentan como característica definitoria ser de acceso libre e gratuíto. Estas son as construcións denominadas termas ou áreas termais.

As áreas termais son espazos de baño dotados de servizos similares ás áreas de recreo que se construíron ao redor dos mananciais termais. Constitúen espazos onde se aglutina o ideario das áreas de recreo, destinadas ao lecer e a funcionalidade termal relacionada co tratamento, coa prevención de doenzas ou promoción de hábitos saudables propios das prácticas balnearias, pero non exclusiva delas nun sentido amplo.

Na provincia de Ourense identificamos todas as áreas termais abertas ao público que foron obxecto de intervención pública: contamos con catro espazos no municipio de Ourense (As Burgas, A Chavasqueira, O Muíño da Veiga e Outariz-Canedo); unha área termal en Cenlle tamén na ribeira do río Miño; unha no concello de Bande, na ribeira do encoro das Conchas do río Limia e, por último, outra no concello de Lobios, na ribeira do río Caldo. Estas áreas termais contan con certos servizos, pero non constitúen espazos acoutados, coa excepción da piscina termal das Burgas que ten horarios de visita limitados e controlados.

O presente traballo é o resultado do estudo dun fenómeno ata o momento opaco, pois non contabamos con datos empíricos para ordenalo. A investigación desenvolvida responde a dous obxectivos: por unha banda, coñecer o perfil de públicos en relación con variables socioeconómicas, así como de uso e valoración de instalación; e, pola outra, identificar as prácticas, motivacións e significados do uso da auga termal nas instalacións públicas de acceso libre.

Non hai moitas referencias etnográficas sobre a práctica termal en Galicia, pero a bibliografía proporcionáanos un contexto sobre o que traballar de cara á importancia simbólica da auga na cultura galega. Para acadar os obxectivos propostos revisamos, en primeiro lugar, a bibliografía sobre termalismo e as monografías etnográficas clásicas galegas co fin de atopar elementos que nos indicasen claves culturais do aproveitamento termal.

Unha vez realizada a exploración bibliográfica deseñouse unha enquisa para usuarias/os. Como a frecuencia de asistencia ás termas é maior na época estival, o traba-

llo de campo realizouse durante os meses de xullo e agosto do ano 2017. A mostra necesariamente tivo que ser casual, pois non había datos nin estimacións de perfís para o público das termas. A división do número de enquisas realizadas en cada terma realizouse tendo en conta os datos achegados por persoas vinculadas á xestión destes espazos. O número total de persoas enquisadas foi de 433 (231 mulleres e 202 homes) (véxase a táboa 2).

O traballo de enquisa completouse con notas de campo e entrevistas a usuarias/os de forma que estas notas e entrevistas informais puidesen achegar luz sobre os datos cuantitativos.

O resultado desta investigación está constituído por un percorrido polas primeiras aproximacións á etnografía termal e da auga que nos permiten situar a importancia destes mananciais. Tamén recolleemos datos sobre a configuración dos actuais espazos termais, polo que se analiza neste traballo os parámetros de lugares de socialización e tamén como espazos de ocio e de recreo. Finalmente, achegamos datos cuantitativos sobre o perfil xeral das persoas que usan as áreas termais da provincia de Ourense. Este perfil enmárcase dentro do ámbito teórico dos lugares e de *topías* [1] como espazos de sociabilidade. O concepto de lugar ou *topía* relaciona un territorio coa percepción que del se ten a través dun uso común, grupal, no tempo. Refírese a un espazo construído por accións e relacións. Estes espazos están semantizados e cargados de sentido, de significados; son, xa que logo, espazos socializados. Os mananciais téñense transformado no tempo e confórmanse en diferentes lugares como pozas, fontes, termas e estacións termais. Construíronse co tempo e responden a cambios sociais. Son tamén testemuña de cambios nas formas de administración e xestión do territorio que modificaron a configuración espacial, as formas de uso, e quizais tamén a súa significación como *topías* para diferentes grupos.

2. Etnografía termal: unha primeira achega á importancia cultural da auga

Como punto de partida entendemos que a cultura termal en Galicia non se limita a unha práctica, senón que inclúe un rico mundo ideolóxico a través do elemento auga; elemento repleto de significación e de simbolismo.

Seguindo a tradición dos traballos etnográficos realizados a partir de finais do século XIX, imos reconstruír, neste primeiro apartado, a liña de interese destes traballos en relación coa auga. Recolleemos deste xeito as imaxes que aparecen vinculadas á auga e

que, cremos, serán de interese á hora de analizar as prácticas termais actuais. A literatura etnográfica galega ten os seus alicerces no século XIX co ideario romántico herdeiro do Rexurdimento [2, 3]. O paradigma evolucionista inspirou os traballos científicos, o que supuxo a primeira achega á academia da etnografía a partir das institucións parauniversitarias, que no caso galego tomou forma no Seminario de Estudos Galegos creado en Santiago de Compostela en 1923.

Autores anteriores ao Seminario que procuraron a descrición do pobo galego, entre outros o Padre Feijoo [4], cualificaban as prácticas e as crenzas relacionadas coa auga de supersticións propias dun pobo que precisa ser cultivado, pois mantiña e actuaba fóra dos arbitrios da razón. Foi necesario o ideario romántico para atoparmos con descrições desas crenzas e rituais con auga e da súa vinculación con seres sobrenaturais, pois tanto a necesidade coma a abundancia de auga son a base dun rico simbolismo. Así, para Murgía [5] a primeira condición da auga é a atribución de ser creadora e logo purificadora. O autor explica a existencia e a actualidade das crenzas e rituais con auga como prácticas pagás realizadas co obxecto de proporcionar o dominio da forza natural da auga que foron incorporadas á relixión popular no proceso de cristianización.

Mais foi precisa a consideración da etnografía como saber científico para darlles sentido ás crenzas e aos rituais fronte á persistencia da atribución de ignorancia que en certa medida perduraba en contextos como o biomédico. Así, as etnografías realizadas ao abeiro do Seminario sinalan certa racionalidade popular na cal estarían baseadas estas prácticas; porén, desde esta perspectiva, non serían supersticións senón supervivencias no sentido evolucionista do termo. É dicir, elementos de culturas pasadas como a cultura celta e romana que se mantiñan no século xx. Así, as descrições dos textos etnográficos que analizamos relacionan a auga tanto coas propiedades atribuídas á relixión popular coma á maxia. Nun sentido semellante ao dado por Murgía, as supervivencias virían das prácticas animistas da relixiosidade popular anterior á cristianización que se deu no territorio galego a partir do século iv. Neste sentido, resulta claro que os usos da auga termal se incluíran dentro das descrições do sistema ideolóxico ou do campo da espiritualidade, é dicir, no campo da cultura inmaterial. Neste apartado os diferentes usos vincúlanse con crenzas e prácticas máxico-relixiosas arredor do ámbito da saúde: «A auga en si ten virtudes de meiciña e de feitizo» [6]. Sobre esta base o traballo de Risco describenos a auga na cultura galega en dous sentidos: en relación coas crenzas de acordo cunha liña temporal (supervivencias) e na visión dual

de crenza e seres sobrenaturais. Para este autor, na cultura popular galega «as fontes teñen relación cos tesouros encantados, cos espíritos das augas e coas razas míticas» [6]. Desta forma as antigas razas célticas e romanas prestarían sentido ás accións e usos que Risco rexistra nas súas monografías.

Outro autor de interese vinculado ao Seminario é Bouza-Brey, quen describe e ordena en categorías unha gran cantidade de formas de uso, crenzas e rituais relacionados coa auga en Galicia [7]; así recolle seres sobrenaturais no río Miño como os encantos, as feiticeiras, os xacios, os homes-peixes e as lavandeiras. Estes seres tamén se rexistran en obras posteriores de autores como Taboada Chivite [8] ou Fraguas [9].

Á parte da interesante recompilación de seres máxicos, Bouza-Brey [7] tamén distingue tres tipoloxías de ritos de cultos acuáticos: «profilácticos y de fecundidad, adivinatorios y oraculares y pluviales». Pero ningún está relacionado con augas mineromedicinais ou termais; os primeiros simplemente son os que pretenden a curación ou a purificación; os segundos tratan da posibilidade de entender acontecementos futuros; e os pluviais refírense ao uso profiláctico da auga da choiva e tamén á súa invocación. Todos estes rituais vincúlaos, o autor, coa maxia, entendida esta, de acordo con Mauss [10], coa idea de que o máxico invoca espíritos non integrados nun corpus sagrado. Igualmente a obra de Bouza-Brey concorda coa definición de maxia dada por Malinowski [11], pois refírese a prácticas cotiás que achegan solucións a retos para os que son invocados seres sobrenaturais.

En definitiva, son poucas as referencias da literatura etnográfica clásica sobre a auga e aínda máis escasas sobre o fenómeno termal; non en tanto os traballos do Seminario nos achegan datos sobre a carga simbólica da auga nas súas diferentes manifestacións e como este simbolismo está vinculado co mundo das crenzas e estas crenzas vincúlanse, á súa vez, co uso terapéutico da auga.

3. Caracterización das áreas termais

Lecer e saúde son dous conceptos fundamentais para entender o fenómeno termal na actualidade. Ambos pódense ligar ao concepto de benestar, máis amplo, pero adecuado para abarcar as múltiples facetas da práctica termal como actuación individual e social.

Na mesma liña do concepto integral de benestar, entendemos que a «saúde é un estado de completo benestar físico, mental e social, e non soamente a ausencia de

afeccións ou enfermidades» [12]. Se o coidado da nosa humanidade, é dicir, o noso benestar e sociabilidade, é un elemento que se terá en conta para a saúde. Así os espazos de interacción en tempo de lecer poden entenderse como áreas que fomentan a saúde. Espazos naturais e áreas de recreo, neste sentido, tamén contribúen ao noso benestar, xa que logo, enténdense como saudables.

A provincia de Ourense é afortunada pola presenza de caudais termais que deron lugar a unha serie de equipamentos diversos nos cales lecer, saúde e benestar son conceptos que se complementan.

As intervencións levadas a cabo no municipio de Ourense nos primeiros anos do século XXI, e máis tarde noutros municipios da provincia, sobre os terreos dos mananciais termais implicaron para a cidadanía, experimentar novas posibilidades. Así cómpre entender como están construídos os equipamentos das áreas termais de xestión pública en relación coas áreas de recreo.

As áreas de recreo son lugares accesibles con equipamento para que o público goce dos espazos naturais en tempo de lecer [13]. Así mesmo, debido ás súas características enténdense como espazos de lecer útiles como recursos para unha segmentación e fidelización da oferta turística [14] de ámbito rural ou local.

Pola súa parte, resulta máis complexo atender ás diferentes formas de clasificación das áreas termais pola súa novidade e falta de normativa específica. O modelo de xestión máis próximo sería o dos balnearios e outros establecementos termais.

Na actualidade definimos establecementos termais a partir da concepción biomédica e do tratamento prescrito por facultativos. Falamos de balnearios cando os establecementos que usan a auga mineromedicinal declarada de utilidade pública ofrecen servizos médicos e posúen as instalacións adecuadas para realizar os tratamentos prescritos e, por tanto, son tamén considerados establecementos sanitarios [15]. Desde esta definición normativa, as áreas termais abertas (de acceso libre e gratuítas) e cunha xestión dispar e de carácter público que atopamos na provincia de Ourense non se poden considerar como balnearios.

De cara á categorización destas áreas, no noso traballo, resulta de interese o caso paradigmático das intervencións realizadas no concello de Ourense onde se pode observar, a través da análise do mapa da ruta termal elaborado pola empresa mixta Ourentur [16], a clasificación que responde ás formas de aproveitamento dos mananciais: ben por inxestión que dá lugar á categoría fontes termais, ben por inmersión ou baño,

adscribindo estes espazos á categoría de «estacións termais» e «termas», denominacións que se refiren a clasificar as zonas de baño segundo a xestión.

No municipio de Ourense as termas abertas son As Burgas, A Chavasqueira (antigamente chamadas Caldas do Bispo, foi a primeira en acondicionarse e inaugurouse en 2001), as de Outariz-Canedo, e as do Muíño. Fóra de Ourense, atopamos as áreas termais de Cenlle con auga hipotermal, Bande na ribeira do encoro As Conchas, no lugar do Baño, e a área termal de Lobios, ao carón do balneario homónimo.

Así pois, o municipio de Ourense, onde as intervencións nos mananciais veñen sendo paradigmáticas para a preparación de áreas termais abertas, atopámonos con que as categorías destas áreas (termas *versus* estacións termais) establecéronse debido á xestión recente do Concello de Ourense e da empresa pública que este presidía ata 2013. Estas novas denominacións, que desterran o nome de charcas ou pozas (de uso común), permite diferenciar as áreas termais de baño. A distinción nominal implica, por unha banda, atender á xestión, a partir da cal os espazos que xestiona o Concello son termas, mentres que os que son unha concesión á empresa privada denominaranse estacións termais; e, por outra banda, distínguense os espazos de baño termal dos de auga fría do río ao diferenciar as termas do termo poza ou charca. Estes cambios compróbanse nos documentos para a difusión das áreas termais, así no ano 2009 realizouse un bosquexo [17], base do mapa da ruta termal citado e realizado en 2013, no que se fixaban os espazos termais de Ourense e as súas propiedades. No primeiro mapa aparecen as áreas termais clasificadas en función das denominacións de pozas, termas e fontes. As pozas referíanse ás actuais termas de xestión pública e acceso gratuito, mentres que as termas equivalen ás actuais estacións termais de xestión privada. Unha posible explicación do cambio, ademais das normativas en relación cos espazos de baño termal e *spa*, é que non permitían a distinción dos espazos, os usos e posiblemente tamén dos públicos aos que vai dirixida a información para a difusión dos espazos termais. Así, a palabra *poza* no idioma galego refírese a unha especie de encoro pequeno e pouco profundo e é común atopar esta denominación para as zonas de diversos ríos que, encoradas de forma natural ou artificial, convértense en espazos de recreo e de baño moi populares durante a época estival, sen que precisen intervención para o uso recreativo por parte da xestión pública e privada. A distinción establecida, na recente denominación estacións termais e termas, implicaría un intento por desvincular os es-

pazos termais de Ourense dos usos populares de pozas naturais, ao tempo que pode dar lugar a unha segmentación dos usos en función da diversidade de grupos sociais.

Visto o caso do municipio de Ourense e segundo as transformacións nominativas aludidas, podemos establecer unha clasificación dos espazos en relación coa súa xestión, o cal tamén determina o uso ou, neste caso, preferencias de usuarias/os. Así temos as termas de xestión pública e acceso gratuito e as estacións termais de xestión privada, acceso e tempo de uso limitado, cun custo de entrada.

No municipio de Ourense, a empresa privada Iberinsha S. L. ten a concesión pública de uso de dous mananciais que dan lugar ás estacións termais da Chavasqueira e de Outariz. Ambas son de inspiración xaponesa na súa formulación e construción, segundo declara a empresa na súa publicidade. A entrada simple, sen ser abonado nin acollerse a desconto, é de 4€ en Chavasqueira, cun tempo dunha hora e media [18]; nas termas de Outariz o prezo é de 5,50€ e o tempo de acceso ás zonas termais é de dúas horas [19]. En definitiva, a cidade de Ourense conta con oito áreas termais de acordo co seu uso e xestión: tres fontes, catro termas públicas e dúas estacións termais privadas. Na provincia hai outro establecemento de xestión privada en Prexigueiro (Ribadavia), pero non entra dentro do noso estudo, pois non hai unha habilitación de espazo de baño aberto e gratuito por parte do Concello.

Ademais desta forma de clasificación interesa aproximarnos ás áreas termais como espazos a medio camiño entre o concepto de área de recreo e o beneficio de saúde que implica a habilitación de espazos abertos ao baño con auga termal e de forma gratuíta.

Como se pode apreciar, as termas ou áreas termais están vinculadas á intervención en zonas ao aire libre para o ocio. Neste sentido, é de interese entender que as características e as infraestruturas dos espazos termais responden a dous parámetros: os servizos das áreas recreativas (auga potable, mesas, servizos, parque infantil...) e os requisitos dun establecemento termal (auga mineromedicinal, servizo médico...). Esta dualidade está presente tanto na xestión dos recursos termais coma no uso, como se verá máis adiante no resultado do traballo de campo a través de enquisas a persoas usuarias das áreas termais da provincia de Ourense.

4. Entre o lecer e o benestar. Elementos que caracterizan as áreas termais

As áreas recreativas caracterízanse por ofrecer unha serie de servizos relacionados co acceso, recreo e natureza, mentres que as estacións termais habería que configu-

ralas como espazos termais para a saúde, polo que debemos comprobar se as áreas termais da provincia contan cos servizos propios destes establecementos. Para este fin, defíniuse unha listaxe de equipamentos (véxase a táboa 1) para comprobar se as áreas que son obxecto deste traballo estaban equipadas con elementos propios das áreas recreativas ou como establecementos termais. Nesta listaxe, ademais das propiedades dunha área recreativa e dun establecemento termal, parécenos de interese integrar o patrimonio cultural, co obxecto de saber se as áreas termais contan con elementos patrimoniais próximos que poidan ser motivadores da visita.

Servizos propios de área recreativa	Aparcadoiro
	Acceso a persoas con mobilidade reducida
	Auga potable
	Grella/Fogar
	Servizos/Duchas
	Bar/Cafetaría
	Recollida de lixo e papeleiras
	Parque de merendas
	Equipamento de educación e divulgación ambiental
	Xogos infantís
	Deporte para maiores
	Contorna natural
Servizos de establecemento termal	Auga mineromedicinal
	Médico
	Tratamento
Outros	Patrimonio cultural

Táboa 1. Servizos e equipamento de áreas recreativas e establecementos termais

Unha vez caracterizados os elementos que definen unha área recreativa e unha estación termal, observamos as áreas termais a fin de comprobar cales dos servizos e características cumpren cada unha destas áreas. Os datos recolléronse da observación e de entrevistas con usuarias/os. Este tipo de información permitiunos considerar que o tratamento non só se refire á prescrición facultativa, senón á percepción das usuarias de estar realizando un tratamento para as súas doenzas ou para a prevención destas.




Figura 1. Características das áreas termais da provincia de Ourense

O resultados da observación indicánnos que hai diversidade de servizos e características en todas as áreas termais da provincia. Isto fainos pensar que a xestión destes espazos responde a un aproveitamento de fontes termais para usos recreativos e non tanto turísticos. Comprobamos que dous elementos están ausentes destas áreas termais: a asistencia médica e as grellas ou fogares. Así, as áreas termais teñen instalacións similares tanto ás áreas recreativas coma ás estacións termais. Con todo, non podemos dicir que se atopen dentro da segunda categoría, pois non contan con servizos médicos. Trátase de espazos abertos e gratuítos sen instalacións permanentes que, de momento, permitan este servizo, pero tampouco se observa como un elemento para ter en conta. En canto ás grellas e fogares, prohibiuse o seu uso nos meses estivais como prevención de incendios forestais na comunidade autónoma de Galicia [20].

Outros dous datos chaman a nosa atención. Por unha banda, a case total ausencia de espazos dedicados ao xogo infantil e a dificultade de acceso a estas instalacións para persoas con mobilidade reducida. Estes datos parecen contradicir o ideario de lecer e saúde en condicións de equidade, cando menos no segundo aspecto.

Na relación positiva entre as características e a denominación de estación termal ou área recreativa apreciamos que os espazos naturais son importantes na localización destas áreas e tamén o patrimonio cultural, aínda que este en menor medida. Como veremos, este equipamento relaciónase coas prácticas nas áreas termais, pois as usuarias/os valoran e relacionan as áreas termais polo seu contorno, pero tamén pensan que visitar o patrimonio cultural é unha actividade que farán xunto con visitar as termas.

5. Perfil e opinión das persoas usuarias

Os datos que achegamos a continuación proveñen da enquisa realizada a 433 persoas que usan os espazos termais da provincia de Ourense. O resultado desta enquisa constitúe os primeiros datos empíricos cos que se conta para coñecer a realidade desde a perspectiva das usuarias e usuarios de todos os espazos termais da provincia. Estes datos permiten unha primeira aproximación ao perfil socioeconómico, motivacións, patróns de uso en espazo e tempo, prácticas no ámbito termal, suxestións de mellora e valoracións de usuarias/os das termas abertas da provincia de Ourense.

En xeral, podemos dicir que as usuarias/os dos espazos termais, de acordo coa mostra do estudo realizado, son homes e mulleres cunha media de idade de 46 anos, cos tramos máis concorrentes entre 25 e 35 anos (19,4%) e entre 36 e 45 anos (22,4%). Parécenos relevante este dato na medida en que refuta a idea de que o termalismo é unha actividade que practican sobre todo persoas da terceira idade.

	Muller		Home		TOTAL
	Reconto	Porcentaxe	Reconto	Porcentaxe	
Outariz	49	52,1%	45	47,9%	94
A Chavasqueira	57	55,3%	46	44,7%	103
O Muíño	11	64,7%	6	35,3%	17
As Burgas	11	45,8%	13	54,2%	24
Bande	30	45,5%	36	54,5%	66

	Muller		Home		TOTAL
	Reconto	Porcentaxe	Reconto	Porcentaxe	
Lobios	44	59,5%	30	40,5%	74
Cenlle	29	52,7%	26	47,3%	55
Total	231	53,3%	202	46,7%	433

Táboa 2. Mostra en función da área termal e do sexo

As usuarias/os teñen procedencia española nun 75,5% e portuguesa nun 20,3%. O resto da mostra distribúese entre diferentes países europeos e americanos sen que ningunha destas procedencias sexa significativa no total da mostra. En ocupación, as persoas entrevistadas son maiormente asalariadas (44,1%) ou xubiladas (25,6%).

No nivel de ingresos por unidade familiar, apréciase que as porcentaxes máis altas corresponden con persoas que teñen uns ingresos como renda familiar entre os 700 e 1500€ (35,3%), e entre os 1500 e 2500€ (26,3%). Resulta tamén de interese o 16,6% de persoas que teñen uns ingresos superiores aos 2500€ mensuais na unidade familiar; estes datos indícanos que a práctica do termalismo en espazos abertos non se relaciona de forma significativa co nivel de renda, aínda que é certo que o groso do público se concentra entre os 700 e 1500€ mensuais de renda familiar.

En canto á forma de usar os espazos termais, o traballo de campo realizado indícanos certos patróns ou perfís de uso en relación coa intensidade do coñecemento das termas, coas dinámicas de acompañamento e cos períodos de preferencia para usalas.

Das persoas que fixeron a enquisa o 66,3% non é a primeira vez que visitan a terma na que responderon á enquisa. Tamén consta que de forma semellante hai persoas que coñecen máis termas, ademais da terma na cal estaban cando foron enquisadas (45,5%) e outras que só coñecen esa (54,4%).

Se o termalismo en espazos abertos e gratuítos é unha actividade que se fai máis dunha vez, como se desprende dos datos anteriores, tamén podemos dicir que acudir ás termas é unha actividade social, pois a maior parte da mostra así o indica: o 31,4% vai ás termas en grupo e o 23,8% en parella. As persoas que din ir en grupo con nenas/os ou en familia con nenas/os son minoritarias. Semella pois que as termas se perciben como un espazo para persoas adultas e, en menor medida, unha actividade para a infancia. De igual forma, a experiencia de campo revela que as termas son espazos de sociabilidade nos cales a interacción entre usuarias/os é frecuente e espontánea. É nor-

mal que as persoas que se atopan nas termas se refiran ao boas que son as augas para tal ou cal enfermidade, e alúdase a casos, propios ou alleos, de curación ou de mellora: «vou polos problemas de saúde que teño», «a auga penetra nos ósos e nótalos». Estes discursos tamén ordenan os diferentes espazos termais pola atribución que se lle fai para a curación ou para o benestar.

Cando as persoas van ao espazo termal maioritariamente esperan estar ata dúas horas cun 53,6%, pero tamén hai unha porcentaxe do 31,9% que vai quedar entre 2 e 5 horas no espazo termal. Por tanto, podemos dicir que a visita termal é entendida como un complemento na xornada e, para un terzo da mostra obtida, enténdese que ocupa a metade da xornada. Por tanto, poucas persoas usuarias teñen expectativas de pasar todo o día no espazo termal.

Co fin de establecer ámbitos de interese de usuarias/os, preguntouse se nas proximidades da área termal se ían levar a cabo algunha outra actividade ademais do termalismo. As opcións de resposta combinaban elementos propios da práctica termal e outros de carácter puramente turístico. De acordo cos datos recollidos podemos apreciar que as persoas que realizan termalismo non van facer outras actividades nas proximidades da área termal. Así, as porcentaxes obtidas sobre este aspecto –tendo en conta que era unha pregunta de resposta múltiple– son baixas. Isto indícanos que, por unha banda, no que se refire a actividades puramente termais, non se prevé facer actividades máis alá do baño, pois nin enxaugaduras (2,5%) nin inxestións (1,25%), así como ir aos balnearios (5,8%) son opcións moi tidas en conta por usuarias/os das áreas termais. En canto ao uso da infraestrutura turística, tampouco parece que sexan opcións baralladas por gran parte das persoas enquisadas. Así, nin o cámping (1,4%) nin as noites en hoteis ou hostais (6,7%) ou ir de compras (6,7%) teñen porcentaxes significativas. As únicas actividades que parecen atractivas para usuarias/os, pois presentan unha porcentaxe algo máis avultada, son facer rutas ou excursións pola contorna (19,9%) e visitar o patrimonio cultural (20,3%).

Coa idea de coñecer ata que punto as persoas visitantes están informadas sobre as propiedades e os efectos da auga termal, fíxoselle a pregunta a toda a mostra e o resultado foi que 213 persoas, o 49,2%, non coñece as propiedades das augas, mentres que 218 si as coñece, o que supón o 50,3% da mostra. As propiedades salutíferas das augas e a natureza benéfica do baño é un dos ingredientes básicos dos atractivos das áreas termais de Ourense na actualidade. No traballo de campo temos asistido a diferentes

testemuñas que comentan que a asistencia ás termas ten un beneficio directo na súa saúde e benestar; algunhas delas indican que a súa visita ás termas ten como obxectivo curar ou previr diferentes males: reuma, artrite, afeccións de pel, estrés.

En canto á motivación que teñen as persoas para acudir aos espazos termais, pódese observar que o «relax» (24,2%) é unha das razóns fundamentais que, se a ligamos á opción «saúde» (19,2%), obtemos a porcentaxe maioritaria da mostra nos dous parámetros básicos do turismo termal. A motivación de coñecelas acadada un 20,3% da mostra, o que quere dicir que a cuestión puramente turística está case á par que cada unha das motivacións propias do termalismo que xa se comentaron; tamén ten unha porcentaxe interesante a motivación de dar un paseo (13,6%), o que nos indica que o termalismo forma parte das actividades ao aire libre e que se debería estudar este aspecto en maior profundidade. De feito, as notas de campo indícanos que é común escoitar un discurso no que o gozo na práctica termal do baño vai implícita á idea do descanso e á tranquilidade, en oposición ás ocupacións diarias e ao cansazo. É neste tipo de discursos, ao redor dos beneficios da práctica termal, onde se pode situar a distinción entre tempo de lecer e tempo de traballo. Así, as áreas termais son eses lugares e tempos somerxidos no propio e na voluntariedade fronte á obriga e ao segmentado. Entrevistas realizadas sobre a práctica termal indícanos que se busca, por parte de determinadas persoas, un espazo de tranquilidade e de relaxación. Mergullándose na auga quente as preocupacións cotiás semellan quedar en suspenso para sentir a calor e o benestar da práctica termal, o corpo flota e cobra protagonismo nun medio que non é o afeito. Tómase conciencia de corporeidade desatendendo a rutina nos sentidos e nas sensacións.

En canto á valoración das termas, as puntuacións concéntranse nas valoracións máis altas e, así, o 48,3% valora coa máxima puntuación a terma onde realizou a enquisa. Preguntouse neste sentido que cousas ou suxestións poderían facer para mellorar o espazo termal no que se atopaban, deixando abertas as posibilidades de resposta de forma que as usuarias/os marcaran os elementos que eran de maior interese. Como suxestións recollidas destacan as que están encamiñadas á procura de maior hixiene e limpeza nas instalacións (15,2%), demándase tamén que se proporcionen servizos de aseos (15,2%), mellora do contorno (7,6%) e finalmente felicítase polo espazo termal (7,2%). De acordo con estes datos e coas notas de campo, semella que a experiencia de benestar, lecer e saúde vinculada ao baño nas pozas con auga termal pode promo-

ver experiencias persoais que determinen a vinculación emocional co espazo termal. Experiencias compartidas entre diferentes xeracións cara á saúde e á curación. Ou ben experiencias repetidas no lugar de descanso e de relaxación. Así, diferentes usuarias/os indícanos que as termas son espazos vinculados á tranquilidade e considéranse como espazos separados do ámbito urbano a través do confort pola temperatura e a contorna natural.

Tendo en conta que as termas están abertas todo o ano, e só impide o seu uso se houbera medras nos ríos que asolaguen as instalacións, inquiriuse pola estación do ano na cal lles parece máis axeitado visitar as termas. As preferencias de uso no eido temporal indican que a porcentaxe máis alta (26,1%) apunta a unha preferencia polo uso estival das termas. A estación do ano preferida para ir ás termas é o verán (39,5%), pero tamén o 30,4% indica que calquera época do ano lle parece axeitada. As razóns para isto indícanse en que para vir ás termas se precisa de tempo (41,2%) e o 26% indica que é mellor ir ás termas con tempo frío e o 17,1% mellor con tempo cálido.

Tamén nos interesamos pola frecuencia coa que se estima que se acode ás termas. Neste caso unha boa parte declara que vai ás termas cunha frecuencia diaria (32,9%); pensamos que esta alta porcentaxe pode corresponder coa tendencia que implica que a maior parte das termas estean no concello de Ourense, onde a práctica termal é habitual entre a poboación. Dáse unha porcentaxe significativa en canto á periodicidade de visita das termas entre as persoas que non visitan a terma por primeira vez, pois declaran que van ás termas unha vez ao ano (24,5%). Para entender este dato hai que ter en conta que moitas persoas estaban de vacacións e que viñan a pasar unha temporada na terra.

En canto aos días que parecen máis axeitados para ir ás termas, a mostra dinos que se prefire ir entre semana (46,2%) e o motivo que se indica para esta selección é que se vai ás termas cando hai tempo (60,7%) ou ben cando menos xente hai (29%). A mostra indica que se prefire ir ás termas polas tardes (43,1%) fronte ás mañás (33,6%).

Para a análise de patróns de uso operouse coas variables que nos indican se hai uso reiterado e se se coñecen máis dunha terma, e así obtivemos que o patrón de uso das persoas que van por primeira vez a unha terma e non coñecen outras correspóndese co modelo «neófito». As neófitas atópanse coa comunidade termal por primeira vez. É a súa primeira experiencia en termas da provincia de Ourense. Podemos comparar este modo de uso no que as persoas se atopan por primeira vez co fenómeno termal

público e gratuíto en Ourense ($n = 99$; 22,8% da mostra), coas persoas que foron enquisadas cando coñecían esa poza pero xa coñecían outras ($n = 45$; 10,3%). Este modo imos chamalo «novel». As noveis son maioría en todas as termas salvo nas Burgas e en Bande. En xeral, para todas as termas analizadas a maioría das persoas que visitan por primeira vez as termas son noveis (99 fronte a 45), é dicir, xa coñecen áreas termais e foron enquisadas cando estaban coñecendo unha nova terma.

Entre as persoas que non van por primeira vez á terma onde foron entrevistadas, temos as asiduas ($n = 135$; 31,1% da mostra), que teñen visitado varias veces a terma, e as avezadas ($n = 152$; 35,1%), as que xa coñecían a terma na cal foron entrevistadas e ademais coñecen outras da provincia.

Baixo estes patróns de uso podemos indicar que nas termas de Outariz hai certo equilibrio entre noveis e avezadas, na terma da Chavasqueira claramente o patrón é de asiduas e avezadas, o que indica unha importante fidelidade e coñecemento do ámbito termal por parte das usuarias/os. No resto das termas tamén prima a asiduidade, é dicir, o público é reincidente e ten un uso continuado destes espazos. Destacan os datos nos que O Muíño, As Burgas e Lobios son termas que presentan un patrón de uso máis enfocado cara á asiduidade, é dicir, que o seu público repite a visita nestas termas pero non vai a outras da provincia de Ourense. Pola súa parte, Cenlle e Bande presentan unha marcada tendencia cara ao patrón de uso de avezados, os que, como se dixo, visitan repetidamente as termas e coñecen máis dunha na provincia de Ourense.

Na práctica termal cada acción ten un lugar determinado, hai orde e secuencia nas accións. Esta secuencia baséase na concepción biomédica, que configura o que é hixiénico e saudable. As duchas son espazos de paso, de limpeza (quizais purificación) previa a meterse nas charcas, pozas ou termas comúns. Tamén as duchas se utilizan para o uso do ritual termal de intercambio (a fase de choque, contraste ou intercambio de temperatura quente/frío). O ritual termal de contraste de temperaturas marca que cada dez minutos, aproximadamente, se debe arrefriar o corpo, ben ao aire, con ducha fría ou con baño de auga fría no río, ben nas pozas habilitadas para iso. Pero non é raro atopar nestes espazos a subversión da orde, tampouco o é quen, en nome da comunidade, reivindica que as prácticas dos axentes atinxen ás normas escritas pola administración e convenientemente situadas á vista das usuarias/os. Un exemplo de transgresión da orde é cando alguén se ducha con xabón. Esta práctica observouse por parte de persoas alófonas tanto no inverno coma no verán. Isto é visto como unha

transgresión, pois o espazo termal non é un lugar de hixiene, senón terapéutico, de descanso e de relación. A hixiene recoméndase para o uso común como acompañamento profiláctico dun bo uso, pero non se percibe como o destino do espazo termal por parte da norma.

Manter a orde é gardar os límites espaciais que son tamén sociais e morais. En ocasións dánse conflitos nas formas de uso dos espazos termais. Algúns destes conflitos observados están delimitados por características das persoas neles inmersas en relación con grupos que configuran o uso «normal» do recurso termal. Estes altercados poden ser tamén un exemplo que subliña a característica das *topías* como marcas de propiedade e, así, as normas son elementos que contribúen á apropiación do espazo por parte de determinadas usuarias/os.

En canto á apropiación do espazo, unha práctica que aparece claramente nas termas do Muíño da Veiga, pero á que asistimos en diferentes espazos de ribeira, é a construción cada primavera/verán de pozas efémeras. No decurso do río Miño dánse moitos mananciais, máis das que están habilitadas como espazos termais; en concreto, nas termas do Muíño de Ourense e tamén nas termas de Bande a auga abrolla directamente na mesma poza con chorros internos de auga quente sen que poidan ser controlados. Así, cando o río está baixo, ao ser difícil de arrefriar as pozas habilitadas e blindadas da auga do río, resulta máis fácil atopar ou habilitar pozas á temperatura adecuada na canle mesma do río; semellante é o caso en Bande coa auga do encoro do río Limia. Isto conséguese grazas a que se localizan por coñecemento popular e oral no mesmo río varios mananciais. Nelas, día a día, vanse colocando pedras e escavando no fondo do río e conformando un espazo termal que permite controlar a temperatura da poza mesturando a auga do manancial coa do río en función da altura dos muros de pedras realizados polas usuarias. Estas pozas pérdense coas medras do río, pero as pegadas seguirán aí o verán seguinte; as persoas iniciadas e que coñecen onde están os ansiados e naturais mananciais, sen mediación da administración, irán construíndo de novo, se a canle o permite, unha nova poza. A construción destas pozas autoxestionadas no río pode apreciarse como pegadas de tempo que se acumula, son o arquivo das novas charcas nos ríos que quedan de ano a ano e vólvense construír cada primavera e verán.

6. Conclusión

De acordo cos datos das enquisas e coas notas de campo podemos ver as termas como *topías*. Este concepto implica oposicións base sobre as que se goberna o lugar; no caso dos espazos termais destacan, entre outras, a dualidade entre saúde e enfermidade, entre traballo e lecer, o propio e o foráneo, sucio e limpo, puro e contaminado [22]. Estes dualismos articulan de diversas formas os discursos e as prácticas do termalismo en Ourense.

Neste sentido poderíase aplicar o concepto de topofilia [21] relacionado coas memorias de benestar e afectividade relacionadas coas sensacións e vivencias da experiencia termal. Por outra parte, a práctica termal pode relacionarse coa concepción persoal do corpo como interdependente da produción social. Así, enténdese que o baño e a inxestión da auga termal contribúen á recuperación ou á curación do corpo como práctica individual, pero tamén social, grupal. A configuración de como conceptualizamos o noso corpo é social e realízase a partir da interacción, o corpo é socialmente formado e informado, é ao tempo obxecto e suxeito, actuado e actuante. O espazo termal é, xa que logo, susceptible de contribuír á constitución da representación corporal, xa sexa esta a hexemónica ou se configuren formas alternativas a través desta práctica.

Ademais de achegas sobre a conceptualización do corpo, interézanos a súa inscrición no espazo. Nas áreas termais ourensás exercítase a reconfiguración e a recolocación de prácticas de lecer e na ordenación das dúas ribeiras do Miño como espazos verdes, as delimitacións no uso, as imaxes patrocinadas sobre estas, etc. A actuación das administracións locais deu lugar a unha nova conformación que quizais posibilitou a súa apertura a unha cidadanía máis ampla pero tamén eliminando outras posibilidades de uso. De feito, relaciónase a diversidade de intereses no uso comercial da auga termal coas diferentes actuacións realizadas en cada manancial.

7. Referencias bibliográficas

- [1] FOUCAULT, M. (1999): «Espacios diferentes», en *Obras esenciales*, vol. III. Barcelona: Paidós, 431-441.
- [2] PRAT I CARÓS, J. (1992): «El estado de las antropologías», *Antropología. Revista de Pensamiento Antropológico y Estudios Etnográficos*, 3, 35-61.
- [3] BRAÑA REY, F. (2003): «O patrimonio cultural e a construción das diferenzas: sexo/xénero e museos etnográficos», en *Museos: construíndo a comunidade*. Santiago de Compostela: Consello Galego de Museos, 87-101.

- [4] FEIJOO Y MONTENEGRO PUGA, B. J. (1985): *Obras* (selección). Madrid: Taurus.
- [5] MURGIA, M. (1985): *Galicia*. Santiago de Compostela: Sálvora.
- [6] RISCO, V. (1959): «En memoria de Florentino López Cuevillas», *Boletín de la Real Academia Gallega*, 333-338, 127-133.
- [7] BOUZA-BREY, F. (1982): *Etnografía y folklore de Galicia*, vol. 1. Vigo: Xerais.
- [8] TABOADA CHIVITE, X. (1972): *Etnografía galega. Cultura espiritual*. Vigo: Galaxia.
- [9] FRAGUAS FRAGUAS, A. (1988): *Romería y santuarios de Galicia*. Vigo: Galaxia.
- [10] MAUSS, M. (1967): *Introducción a la etnografía*. Madrid: Istmo.
- [11] MALINOWSKI, B. (1985): *Magia, ciencia y religión*. Barcelona: Planeta-Agostini.
- [12] CONFERENCIA SANITARIA INTERNACIONAL (1948): *Constitución de la Organización Mundial de la Salud*, 7 de abril de 1948 [en liña]. Disponible en: http://www.who.int/governance/eb/who_constitution_sp.pdf.
- [13] AUREN (2013): *Turismo de salud en España*. Madrid: Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo [en liña]. Disponible en: http://www.minetur.gob.es/turismo/es-ES/PNIT/Eje3/Documents/turismo_salud_espana.pdf.
- [14] VERA REBOLLO, J. F. e C. J. BAÑOS CASTIÑEIRA (2010): «Renovación y reestructuración de los destinos turísticos consolidados del litoral: las prácticas recreativas en la evolución del espacio turístico», *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles*, 53, 329-350.
- [15] DIARIO OFICIAL DE GALICIA (1995): Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da comunidade autónoma de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*, 118.
- [16] CONCELLO DE OURENSE (2013). Ruta termal [en liña]. Disponible en: <http://termalismo.ourense.es/wp-content/uploads/2013/01/Mapa-Termal-Feb-2013.pdf>.
- [17] TURISMO DE GALICIA (2018): *Termas de Outariz gratuitas y públicas* [en liña]. Disponible en: <http://turismogalicia.blogspot.com.es/2012/05/termas-outariz-gratis-y-publicas.html>.
- [18] OURENSE SPA (2018): Termas Chavasqueira [en liña]. Disponible en: <http://www.termaschavasqueira.com/>.
- [19] OURENSE SPA (2018): Termas Outariz [en liña]. Disponible en: <http://termasoutariz.com>.
- [20] DIARIO OFICIAL DE GALICIA: Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*, 74.
- [21] TUAN, Y. F. (2007): *Topofilia*. Barcelona: Melusina.
- [22] DOUGLAS, M. (2007): *Pureza y peligro*. Buenos Aires: Nueva Visión.

